


SUXESTIÓNS 26.V.2024
DOMINGO DA
SANTÍSIMA TRINDADE CICLO B

SUXESTIÓNS

- En Pentecoste terminabamos o tempo de pascua. Nestes dous domingos seguintes celebramos a **Santísima Trindade e o Corpus**.
- Os “mestres da sospeita”, que dicía Paul Riqueur de Marx, Nietzsche e Freud, denunciaban a Deus como unha creación humana tranquilizadora, que nos fixemos á nosa imaxe e semellanza, con múltiples antropomorfismos. Na festa de hoxe afirmamos o contrario: Nós somos os que estamos feitos a imaxe e semellanza de Deus, pois somos os seus fillos.
- Na eucaristía de hoxe poderíamos descubrir os **acentos trinitarios**: persignámonos ao comezo, a bendición final, as invocacións da pregaria eucarística. Destacamos tamén o Noso Pai, coas palabras do Fillo-Xesús dirixímonos ao Deus- Pai, empuxados polo Espírito Santo que temos dentro de nós.
- Poderíamos facer un xesto: explicámoslles que o Espírito nos leva por onde non imaxinamos, como o vento leva ás follas no bosque. Que cada neno traia a folla dunha árbore e pegarémolas todas nunha cartolina branca (a idea é que todas as follas sexan diferentes e en distintas colocacións). De fondo aparecerá a palabra “Deus” e debaixo de cada folla

que poñan o nome do neno. Explicámoslles que o verdadeiro cristián é o que confía en Deus, non o que se resiste senón o que se deixa levar polo Espírito.

TARDE TE AMÉ



¡Tarde te amé, hermosura siempre antigua y siempre nueva! ¡Tarde te amé!

Y he aquí que TÚ estabas dentro de mí, pero yo de mí mismo estaba fuera. Y por fuera te buscaba...

Estabas conmigo, pero yo no estaba contigo...

Pero TÚ me llamaste, gritaste, rompiste mi sordera. Brillaste, resplandeciste, ahuyentaste mi ceguera.

Derramaste tu fragancia, respiré y suspiro por TI. Gusté, y tuve hambre y sed. Me tocaste y ardo en deseos de tu paz.

San Agustín, Confesiones 10,27,29

VÍDEOS SANTÍSIMA TRINDADE B, Mt 28, 16-20

- **Stma. Trindade, debuxos:** <https://youtu.be/ANtxJb82V5Y>; ¿Cómo es Dios? <http://youtu.be/watch?v=1HjoYEhXnL4&t=41s> https://youtu.be/nvh1R_f_rlw; https://youtu.be/o5ImM_UDNDY (monicreques); <https://youtu.be/SSH6kbiiyXA> (marionetas);
- O evanxeo en debuxos, Mt 28, 16-20 <https://youtu.be/wfm23vcrya0> <https://youtu.be/4T1-nsG5M> <https://youtu.be/uTvBhF6Kmos>

- Mt. 28, 16-20, película: https://youtu.be/PO9NE7F2_PY
<https://youtu.be/PQ10n86gkWU> (Fundación Ramón Pané);
https://youtu.be/PO9NE7F2_PY ;
<https://youtu.be/PQ10n86gkWU>

- Mt. 28, 16-20, reflexión:

Somos dándonos, Verbo Divino 2012:

<https://youtu.be/tMYgVUIN29M>

Si pódese, Verbo Divino 2015: <https://youtu.be/fNTJlaUx7-w>

Facer discípulos, Verbo Divino 2018:

<https://youtu.be/HTud082tLXE>

A tenrura de dar e recibir amor, Verbo Divino 2021:

<https://youtu.be/NiOju-XshCw>

Conectados con persoas, Verbo Divino 2024:

<https://youtu.be/Y0QSkHBC7T8>

Alex Mullet, Cousas de Deus, Stma. Trindade B:
<https://youtu.be/Jfuka-8gl0A>

Alex Mullet, Cousas de Deus, O misterio da Stma. Trindade:
https://youtu.be/watch?v=uCS6_UqKN2g

O misterio da Stma. Trindade breve:

<https://www.youtube.com/watch?v=fHnpBZvGeas>

- Cancións: Un canto bonito con explicación:

A Stma. Trindade, para nenos, canción de Silvia Granda:
<https://youtu.be/watch?v=W37el6YuzSs>

Unha tarde na praia, canción:

<https://youtu.be/watch?v=w200nWx4OhM;>

Stma. Trindade, Javier Brú, canción:

<https://youtu.be/yqQs8xse8KE>; O SINAL DA CRUZ e o Baile da Trindade (Unai Quirós feat. Olga Martínez)

<https://youtu.be/watch?v=dI01EGLOkmc>

Santo, Santo, Santo - Alaba Kids (Música Cristiá para Nenos)

SANTO AGOSTIÑO E O NENO:

Contan que o santo e teólogo Agostiño de Hipona (354-430) paseaba un día pola praia mentres ía reflexionando sobre o misterio da Santísima Trindade. Trataba de comprender, coa súa mente analítica, como era posible que tres Persoas diferentes (Pai, Fillo e Espírito Santo) puidesen constituír un único Deus.

Estando nesas cavilacións atopou un neno que escavara un pequeno foxo na area e trataba de enchelo con auga do mar. O neno corría cara ao mar e recollía un pouquiño de auga nunha cuncha mariña. Despois regresaba correndo a verter o líquido no oco, repetindo isto unha e outra vez. Aquilo chamou a atención do santo, quen cheo de curiosidade preguntoulle ao neno sobre o que facía:

–Intento meter toda a auga do océano neste foxo – respondeulle o neno.

–**Pero iso é imposible** –replicou o teólogo– **como pensas meter toda a auga do océano que é tan inmenso nun foxo tan pequeniño?**

–O mesmo ca ti, que pretendes comprender coa túa mente finita o misterio de Deus que é infinito...

E nese instante o neno desapareceu.

